



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

INTRODUCCIÓN

Obxectivos do IEU: o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio cultural da Ulloa.

Área de actuación: comarca da Ulloa, constituída polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Sede social: Monterroso (Lugo).

Comunicación:

Web: www.ieu.gal

Redes sociais: es-es.facebook.com/ieulloa/

Contacto:

email: institutoulloa@gmail.com

tfno: 609760169

Socios:

Socios numerarios: 165.

Socios institucionais: Concello de Monterroso, Concello de Palas de Rei, Concello de Antas de Ulla, IES de Monterroso e IES do Camiño de Palas de Rei.

Socios protectores: empresas Gadisa, Campomayor e Jimsports.

Socios honorarios: Xesús Alonso Montero, Carlos Méndez Vázquez.

XUNTA DE GOBERNO 2023		
CARGO	NOME	Concello
Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	Palas de Rei
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	Monterroso
Secretaria	Hilda García Cabanas	Antas de Ulla
Administrador	Xosé Luís Santiso García	Antas de Ulla
Vogal nº 1	Braulio Vilariño Varela	Palas de Rei
Vogal nº 2	María José Gómez Alvite	Palas de rei
Vogal nº 3	Xurxo Mouriño Lourido	Antas de Ulla

COORDINADORES/AS DE SECCIÓN 2023		
SECCIÓN		COORDINADORES/AS
1	Historia, Arqueoloxía e Etnografía	Mª José Gómez Alvite
2	Filoloxía, Literatura e Toponimia	Fernando García Penas Andrea Santiso Arias
3	Actividades artísticas e musicais, Gastronomía	Braulio Vilariño Varela
4	Ciencias, Medio ambiente e Educación ambiental	Xurxo Mouriño Lourido
5	Xeografía, Arquitectura, Urbanismo e Paisaxismo	Rubén Lois González Divina Pérez Viña
6	Audiovisuais Fotografía e Arquivo fotográfico e fonográfico	Patricia Coucheiro González Susana Varela Negro
7	Biblioteca e Arquivo documental	
8	Sala de exposicións, Visitas guiadas e Voluntariado	Braulio Vilariño Varela
9	Museo Etnográfico da Ulloa	Mª José Gómez Avite
10	Economía	Juan Fernando Salgado
	Comisión de Comunicación	Francisco Pardo Teijeiro Hilda García Cabanas
	Comisión Redacción de Cairón	Daniel Salgado García
	Comisión corrección publicacións	Mª José Gómez Alvite
	Comisión de Xestión do Centro de Interpretación Monterroso Vila de Feiras	Mª José Gómez Avite
	Comisión Monte Farelo	Xulio Cuba Orosa

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO IEU EN 2023 **SEGUNDO AS SECCIÓNS:**

COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS

-Apoio á asociación Orde das Donas e Cabaleiros do Priorato de Vilar das Donas “Os Lobos” na renovación dos os carteis informativos do Camiño de Santiago en Vilar das Donas. Febreiro de 2023.

- Apoio á Deputación de Lugo na candidatura da Comarca da Ulloa á convocatoria extraordinaria dos Plans de Sostibilidade Turística en Destinos en base á Axenda 2030 do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Marzo 2023.

-Colaboración coa Fundación Eira da Xoa na Xornada *Aquí primavera*. 18 marzo 2023.

-Colaboración coa empresa Pazo de Vilane, de Antas de Ulla, na instalación da exposición *A Ulloa. Fotografías Centrípetas*. Xullo 2023.

- Colaboración con *Noite das Donas*, organizada coa asociación “Os Lobos. Orde dos Cabaleiros e Donas do Priorato de Vilas das Donas”. Igrexa románica de San Salvador de Vilar de Donas (Palas de Rei). 15 de xullo de 2023.

-Apoio ao proxecto “Alimentos para Repoblar. La producción y el consumo de alimentos de proximidad como herramienta para la lucha contra la despoblación”, impulsado polos Concellos de Antas de Ulla, Palas de Rei e Monterroso. 18 de xullo de 2023.

- Participación na andaina de Santiago a Ortoño coa que se celebraron os *100 anos da fundación do Seminario de Estudos Galegos*, organizada polo Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego, coa colaboración do Concello de Ames, o Concello de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia. 12 de outubro de 2023.

- Participación na cuarta xornada viaxeira *Descubriendo a Comarca de Lugo e Terras da Ulloa* correspondente ao programa *Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa* que xestiona o GDR 4 Comarca de Lugo (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) en convenio coa Axencia de Turismo de Galicia e a colaboración do concello de Antas de Ulla. 14 de outubro de 2023.

-Participación na marcha contra a violencia de xénero organizada polo Concello de Antas. Novembro de 2023.

HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

- Adhesión ao proxecto de investigación “ Es la fórmula actual de los caminos de Santiago modelo eficiente para el bienestar comunitario?”, do Grupo de Investigación GALABRA a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade do Minho. Xaneiro 2023.
- Adhesión á solicitude de apertura ao público da fortaleza de Amarante (BIC). Xornada reivindicativa, 25 marzo de 2023.
- Visita ao castelo de Pambre guiada por Francisco Pardo. *Proxecto Lugares*, 17 de maio de 2023.
- Visita da asociación *Viudas Demócratas de Vigo* ao castelo de Pambre guiada por Francisco Pardo. 2 de xullo de 2023.
- Conferencia “MonteFarelo: patrimonio cultural e natural” impartida por Manuel Villar Álvarez, director do Museo do Pobo Galego, e Felipe Fernández Martínez, xeólogo. 29 xullo 2023.
- Investigación etnográfica do proxecto *Corcosendo-Costureiras da Ulloa*. Presentación en Vilar de Donas o 22 de decembro de 2023.

FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONIMIA

- Xornada de conmemoración do *Día das Letras Galegas*.. Coas intervencións de Xosé Luis Santiso, poeta; Fernando García Penas, escritor; Braulio Vilariño, galerista; e Francisco Pardo, director do IEU. Castelo de Pambre, 20 de maio de 2023.
- Recital poético da poeta coruñesa Teresa Ramiro e do poeta melidense Antom Laia Inauguración da exposición de pintura de Viki Ribadulla *A sala do Perello*. Castelo de Pambre, 8 de xullo de 2023.
- Presentación do libro de Fernando García Penas *Nai que nos pariu*. Coas intervencións do autor, María José Gómez Alvite, Francisco Pardo e Eloy Pérez, alcalde de Monterroso. Sede do IEU en Monterroso. 23 de setembro de 2023.
- Participación de María José Gómez Alvite no III Recital Poético Musical “SOS Castelo de Navia”. Navia de Suarna, 25 de novembro de 2023.
- Adhesión á homenaxe ao sociolingüista Xesús Alonso Montero polo seu XCV aniversario organizado pola USC. Santiago, 29 de novembro de 2023.

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS, GASTRONOMÍA

-Inauguración no castelo de Pambre da exposición de pintura e escultura de José Manuel Méndez O Gabinete de Belvís. Coas intervencións de Pablo Taboada, alcalde de Palas de Rei; José Manuel Méndez; Braulio Vilariño, comisario da exposición e coordinador de exposicións do IEU, e Francisco Pardo, director do IEU. 28 de xaneiro de 2023.

-Inauguración no castelo de Pambre da exposición de de pintura de Elsa Martínez *Miradas. Mulleres na arte*. Coas intervencións de Pablo Taboada, Elsa Martínez, Braulio Vilariño e Francisco Pardo. 29 de abril de 2023.

-*Música con versos. Percorrido musical pola literatura galega*. Actuación musical de Toño Núñez e José Miguel G. Miguélez e Brais Gayoso no acto de *Conmemoración das Letras Galegas*. Castelo de Pambre, 20 de Maio de 2023.

-*Taller de Pintura ao Aire Libre. Iniciación á percepción tonal I*. impartido polo pintor Andrés G. Shuttleworth na Casa das Augas de Frádegas, Palas de Rei. 25 de xuño de 2023.

-Inauguración no castelo de Pambre da exposición de pintura de Viki Ribadulla A Sala do Perello. Coas intervencións de Braulio Vilariño, Viki Rivadulla, Francisco Pardo, e o concelleiro Rodrigo González en representación do Concello de Palas de Rei. 8 de xullo de 2023.

-*Taller de Pintura ao Aire Libre. Iniciación á percepción tonal II*. impartido polo pintor Andrés G. Shuttleworth na Casa das Augas de Frádegas, Palas de Rei. 9 de xullo de 2023.

-Colaboración co grupo musical *Son da Corda* no espectáculo *A Casa deles*. Monterroso. 28 outubro 2023.

-Actuación do grupo *Zoelas* na presentación do *Proxecto Corcosendo* en Vilar de Donas (Palas de Rei). 23 decembro 2023.

-Videocreación de Xabier Mailán para o *Proxecto Corcosendo*. Proxección en Vilar de Donas (Palas de Rei). 23 decembro 2023.

-Performance de Helena Salgueiro na presentación do *Proxecto Corcosendo* en Vilar de Donas (Palas de Rei). 23 decembro 2023.

CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

-Roteiro pola beira do ría Ulla guiado por membros do IEU como colaboración na Xornada organizada por Eira da Xoana *Aquí primavera, presentación do poemario Pousos de Natureza*. 18 marzo 2023.

-Excursións botánicas para o estudo da flora da Ulloa organizadas en 2023 polo biólogo e consultor medioambiental Xurxo Mouriño : (<http://ieu.gal/flora-da-ulloa/>)

- 1ª exc.: Ribeira do Ulla, Fente, 5-2-2023.
- 2ª exc.: Ribeira do Pambre, Maceda 19-2-2023.
- 3ª exc.: Ribeira do río Ferreira, 5-3-2023.
- 4ª exc.: Monte da Vacariza, 19-3-2023.
- 5ª exc.: Monte de Sta Cristina de Areas, 2-4-2023.
- 6ª exc.: Careón Sur-oriental, 8-4-2023.
- 7ª exc.: Monte e ribeira de Irixé 23-4-2023.
- 8ª exc.: As Gándaras e Careón, 5-2023.
- 9ª exc.: Nacemento do Ulla, 4-6-2023.
- 10ª exc.: Ribeira do Irixé, 15-8-2023.
- 11ª exc.: Torrentes do Ulla, 27-8-2023.
- 12ª exc.: Lagoa de Vacariza, 30-9-2023.
- 13ª exc.: Milleirós (Monterroso), 8-10-2023.
- 14ª exc.: Rego de Laia, 0-9-2023.

XEOGRAFIA, ARQUITECTURA, URBANISMO, PAISAXISMO

-Apoyo á creación do Grado Interuniveritario en Paisaxismo impartido pola Universidade de A Coruña e pola Universidade de Santiago de Compostela. Marzo 2023.

-Participación no proxecto *Lugares*, impulsado pola Axencia de Turismo de Galicia- y por la Fundación La Caixa. Castelo de Pambre (Palas de Rei, Lugo) e Larouco (Ourense). 17 ao 22 de maio de 2023.

AUDIOVISUAL

- Proxecto de recuperación e recompilación de fotografías de arquivos familiares, entidades, etc. da comarca da Ulloa. Coordinado por Patricia Coucheiro e Susana Varela.

-Proxecto *Corcosendo-Costureiras da Ulloa*, coordinado por Patricia Coucheiro, Sara Coello, Antía Montes e Susana Varela. Presentación en Vilar de Donas o 22 de decembro de 2023.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

-Ampliación dos fondos da *Biblioteca da Ulloa*.

EXPOSICIÓNS

- Sala de exposicións do castelo de Pambre (<http://ieu.gal/exposicions/sala-1-castelo-de-pambre/>) :

Na sala de exposicións do castelo de Pambre, cedida polo concello de Palas de Rei, o IEU organizou en 2023 as exposicións:

-*A Sala do Perello*. Exposición de pintura de Viki Ribadulla. Coordinación e montaxe: Braulio Vilariño. 8 de xullo a 2 de setembro de 2023.

-*O Gabinete de Belvís*. Exposición de pintura e escultura de José Manuel Méndez. Coordinación e montaxe: Braulio Vilariño. 28 de xaneiro a 17 de marzo de 2023.

-*Miradas. Mulleres na arte*: Exposición de retratos de Elsa Martínez. Comisariada por Braulio Vilariño. 29 de Abril ao 31 de maio de 2023.

-Adro da Igrexa de Vilar de Donas, Palas de Rei (<http://ieu.gal/outras-salas/>) :

mostra fotográfica de 33 retratos de mulleres relacionadas co oficio da costura na Ulloa, intervidos pola artista téxtil Verónica Ramilo.

- Sala de exposicións do Pazo de Vilane, Antas de Ulla (<http://ieu.gal/outras-salas/>):

-*A Ulloa. Fotografías Centrípetas. Olladas femininas sobre o territorio e as súas xentes*. Exposición colectiva de 18 fotografías da Ulloa. Coordinación e montaxe de Patricia Coucheiro e Susana Varela. Xullo 2023.

LABOR EDITORIAL

- Publicación do 7º número de **CAIRÓN. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns**. (<http://ieu.gal/cairon-boletin-ieu/>). Revista dirixida polo xornalista Daniel Salgado e subvencionada pola Deputación de Lugo. O nº 7 conta cos seguintes artigos:

EDITORIAL

Por Daniel Salgado

Memoria de actividades 2023. INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

HISTORIA

- “Carlistas contra Cristinos. Episodios da Guerra dos Sete Anos (1833-1840)”, por Jesús Otero Pereiras
- “Fragmento de Amoexa. Memoria dos cincuenta”, por Pepe do Xastre
- “Os pelegríns, protagonistas no EcceHomo”, por Xose Luis Otero Cebral

PATRIMONIO

- “Polas carballeiras ulloás”, por Xulio Cuba Orosa

PERSOEIROS

- “Bernardino Pardo Ouro, un xinecólogo palense na historia da medicina de Galicia”, por Carmen Rodríguez del Toro
- “Carlos Domingo Méndez Vázquez, o cura don Carlos”, por María Jose Gómez Alvite

CREACIÓN

- “Acto único. Un cabaré do máis normal”, por Paula Carballeira
- “Un ferrado de maquias”, por Xose Luís Santiso
- “As Donas do Vilar”, por Xose Luís Otero Cebral

MEMORIA DE ACTIVIDADE DO IEU EN 2022

Por Francisco Pardo Teijeiro

- Presentacións de Cairón nº 6:

-O sábado 14 de xaneiro de 2023 en Monterroso, no salón de actos do Centro Sociocultural, coas intervencións da alcaldesa de Monterroso, Rocío Seijas; do director do IEU, Francisco Pardo Teijeiro; do director de Cairón, Daniel Salgado; do xornalista Fernando Salgado; e do poeta Arturo L. Regueiro.

- O sábado 21 de xaneiro de 2023 no salón de plenos do concello de Palas de Rei, presidida por Pablo Taboada, alcalde de Palas e deputado provincial, e coas intervencións de Francisco Pardo, Braulio Vilariño, Xurxo Mouriño e Arturo Regueiro.

-O sábado 21 de xaneiro de 2023 en Antas de Ulla, na Igrexa románica de San Xoán, presidida por Pilar García Porto, deputada provincial e responsable da Área de Turismo da Deputación de Lugo, Hilda García Cabanas, Susana Varela Negro e Xosé Luis Santiso.

-Presentación de Patricia Coucheiro, no IES do Camiño de Palas de Rei, do libro *Fotografías centrípetas. Propostas pedagóxicas*, 1º tomo da colección *Ulloa audiovisual*, editada polo IEU e coordinada por Patricia Coucheiro González e Susana Varela Negro. Edición da Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo. Decembro de 2023.

- Deseño e publicación de carteis e dípticos:

Deseñados por Azucena Souto:

- Carteis e dípticos da exposición de pintura de Viki Ribadulla *A Sala do Perello*. Xullo-setembro de 2023.
- Carteis e dípticos da exposición de pintura e escultura de José Manuel Méndez *O Gabinete de Belvís*. Xaneiro-marzo de 2023.

Deseñados por Patricia Coucheiro e Susana Varela:

- Cartel, folia de sala, da exposición *A Ulloa. Fotografías Centrípetas. Olladas femininas sobre o territorio e as súas xentes*. Pazo de Vilane Xullo de 2023.

Deseñados por Francisco Pardo:

- Cartel da presentación do libro de Fernando García Penas *Nai que nos pariu*. Monterroso, setembro de 2023.
- Cartel da Xornada de conmemoración do *Día das Letras Galegas*. 20 de maio de 2023.

AXUDAS INSTITUCIONAIS

- Subvención da Área de Cultura da Deputación de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023 ao proxecto do IEU "Edición e impresión do Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns".
- Subvención da Área de Cultura da Deputación de Lugo para a investimentos en equipamentos culturais na anualidade 2023.
- Axuda do Ministerio de Igualdade ao proxecto da Sección de Audiovisuais do IEU *Corcoseno-Costureiras da Ulloa* coordinado por Patricia Coucheiro.

A Ulloa, 12 de xaneiro de 2024



Asdo: X. Francisco Pardo Teijeiro
Director do Instituto de Estudos Ulloáns